

## BOLSAS PARA ESTADÍAS PREDOUTORAIS DESTINADAS A DOCENTES E INVESTIGADORES DE AMÉRICA LATINA. PROGRAMA BANCO SANTANDER-USC

### OBXECTO DA CONVOCATORIA

A Universidade de Santiago de Compostela crea unha convocatoria propia de bolsas para estadías predoutorais destinadas a docentes e investigadores de centros de América Latina. O programa ten como obxectivo atender a unha das maiores demandas actuais dos centros de América Latina, como é a formación de doutores. Con esta iniciativa tamén se potencian e afianzan os importantes vínculos académicos e de investigación entre a USC e eses países.

Coa actual normativa do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) as persoas poden acceder á fase de investigación do doutoramento despois de realizar un curso de doutoramento ou un máster oficial. Boa parte do profesorado das universidades de América Latina conta con algún destes requisitos, polo que se atoparía en condicións de acceder á fase de investigación dun programa de doutoramento.

O Doutoramento Interuniversitario de Intercambio, ou doutoramento *sándwich*, baséase na planificación dunha titorización a través de estadías de curta duración - até 3 meses por ano na USC- durante unha serie de anos, xunto co emprego dunha contorna de formación en rede para a titorización continua de todo o período formativo. Esta modalidade permite compatibilizar as responsabilidades laborais dos profesores universitarios de América Latina que realicen unha tese de doutoramento.

A finalidade da convocatoria é financiar as estadías de profesores de centros de América Latina conducentes á realización dunha tese de doutoramento en cooperación coa USC. O número de prazas ofertadas no curso 2009-2010, que variará en función das ofertas presentadas, será entre 25 e 35.

### DURACIÓN

O programa financiará por unha duración de 2 a 3 anos consecutivos (en función dos recursos dispoñibles, poderíase ampliar un ano máis) estadías na USC de entre 1 e 3 meses de duración (segundo o proxecto presentado) de investigadores de América Latina, que teñan como obxectivo a realización dunha tese de doutoramento en colaboración coa USC.

### CONTÍA DAS BOLSAS

As prestacións que cobren estas bolsas son:

- .- Gastos de desprazamento desde o seu lugar de orixe á USC.
- .- Gastos de matrícula, incluídas as taxas administrativas.
- .- Seguro médico non farmacéutico e seguro de asistencia.
- .- Mil euros mensuais brutos, en concepto de axuda á manutención, durante os meses de estadía.
- .- Aloxamento nunha das residencias universitarias da USC. En caso de non poder ofrecer aloxamento na residencia, os beneficiarios recibirían 200 euros adicionais en concepto de aloxamento.

A USC, a través da ORE, proporcionará ao bolseiro os billetes de transporte. Así mesmo, encargárase do pagamento da matrícula de estudos e a contratación do correspondente seguro. Transferirá ao beneficiario os gastos de manutención que serán aboados en dous prazos. O primeiro deles no momento da incorporación do bolseiro por unha contía correspondente á metade da estadia. O segundo, transcorridos dous meses e pola cantidade restante.

Os/as beneficiarios/as non poderán solicitar axudas propias para viaxes da USC. Se participasen en tarefas docentes na USC, en ningún caso esta actividade desvirtuará a finalidade investigadora e formativa das axudas. Se fose o caso, a docencia impartida seralle recoñecida pola universidade de orixe, para tal efecto, a USC emitirá o correspondente informe.

#### DEDICACIÓN E COMPATIBILIDADE

A dedicación ás actividades da bolsa será a tempo completo.

A concesión da bolsa será incompatible con calquera outra bolsa de natureza pública ou privada que no seu momento puidese percibir a persoa para o mesmo fin. Esta bolsa será compatible coas retribucións laborais propias do seu posto de traballo.

#### REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser candidatos/as elixibles é necesario cumprir os seguintes requisitos:

.- Ser docente, investigador/a ou investigador/a en formación, nunha universidade ou centro de investigación de América Latina. Posto que a USC conta con proxectos de mobilidade específicos do programa *Erasmus Mundus- External Cooperation Windows* con Arxentina, Bolivia, Brasil, Paraguai, Perú e Uruguai, só en casos de excepcionais contemplárase solicitudes procedentes destes países.

.- Estar en posesión dun título oficial de posgrao - Máster Universitario ou curso de doutoramento-, obtido no Espazo Europeo de Educación Superior ou fóra del, que lle dea acceso á etapa de investigación dun programa de doutoramento na USC.

#### SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Para ser admitidos/as ao procedemento de selección os/as aspirantes reunirán todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas, referidas á data de expiración do prazo sinalado para a presentación das solicitudes.

A presentación da solicitude da bolsa implica a total aceptación das bases por parte de cada solicitante.

#### **Fase 1: Selección dos/as aspirantes**

Os/as candidatos deben presentar<sup>1</sup>:

- .- Formulario de solicitude debidamente cumprimentado.
- .- Copia do pasaporte en vigor.

---

<sup>1</sup> [A documentación compulsada e debidamente legalizada presentarase unha vez que o candidato sexa seleccionado.](#)

- .- Certificado que mostre a vinculación como docente e/ou investigador nunha universidade ou centro de investigación de América Latina. Se fose investigador en formación, debe presentar os documentos que acrediten a súa inclusión nun programa de financiamento recoñecido no seu país que teña como obxecto realizar unha tese de doutoramento.
- .- Copia do título de grao ou equivalente (licenciado, enxeñeiro ou similar).
- .- Copia do título de posgrao ou certificación dos cursos de doutoramento que lle daría acceso á etapa de investigación do doutoramento. Se o/a candidato/a é seleccionado/a, requiriráselle a documentación necesaria para que unha comisión da USC comprobe que os estudos realizados acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos españois que dan acceso á etapa de investigación do doutoramento.
- .- *Curriculum vitae* do candidato (modelo adxunto).
- .- Descrición das actividades previas con investigadores da USC, se fose o caso.

## **Fase 2: Documentación para os aspirantes seleccionados**

Neta fase de selección dos candidatos ou candidatas

a) farase unha revisión previa dos estudos universitarios de grao e posgrao para determinar se os aspirantes reúnen os requisitos esixidos na convocatoria, polo que **non será necesario que os documentos se presenten legalizados**. En caso de non achegar estes documentos no prazo indicado ou se, tras a revisión dos documentos presentados, os estudos non son equivalentes aos que se esixen para acceder á etapa de investigación dos estudos de doutoramento en España, o candidato será excluído, polo que se convidará ao candidato suplente a presentar a correspondente documentación.

b) as propostas virán avaladas a través dun profesor-investigador da USC (PDI), que será o director/a ou co-director/a da tese.

No prazo de 20 días despois da notificación, os candidatos seleccionados deberán achegar a seguinte documentación:

- Proxecto de tese, segundo modelo adxunto, asinado por un profesor doutor da USC que interveña como director ou codirector.
- .- *Curriculum* do director/esda tese de doutoramento (currículo normalizado do Ministerio)
- .- Carta de aceptación no período de investigación do programa de doutoramento (<http://www.usc.es/cptf/TercerCiclo/terceirociclof.htm>) por parte do coordinador do mesmo.
- .- Recoñecemento de estudos: os candidatos seleccionados deberán someter os seus estudos ao recoñecemento por parte da USC para acceder á etapa de investigación do doutoramento. Para iso, o/a candidato/a achegará os documentos que se relacionan a continuación.
  - .- Copia do título universitario de grao ou equivalente (licenciado, enxeñeiro ou similar).
  - .- Copia da certificación académica dos estudos universitarios de grao, na que se inclúa, como mínimo, a duración dos estudos, anos académicos, materias cursadas, carga lectiva de cada materia (horas ou créditos), cualificacións e escala de cualificacións.
  - .- Copia do título oficial de posgrao ou dos estudos equivalentes ao DEA (Diploma de Estudos Avanzados).

- .- Certificación académica dos estudos para a obtención do título de posgrao na que se inclúa:
  - - Sistema de acceso, nivel académico que se esixe para poder cursar os estudos obxecto de recoñecemento.
  - - Programa de estudos seguido, a duración oficial en anos académicos, as materias, cursos ou actividades realizadas, a carga horaria de cada unha delas, as cualificacións e a escala de cualificacións.
  - - No caso de que se esixa un traballo orixinal de investigación para a obtención do título, indicar o tempo de dedicación, extensión, criterios utilizados para a súa valoración e exame.
  - - Acreditación de que estes estudos de posgrao dan acceso ao doutoramento no país onde se realizaron. No caso de que non se achegue esta acreditación, a USC determinará se os estudos teñen un nivel equivalente aos españois de posgrao para o acceso á etapa de investigación.

Esta documentación será a que empregue o comité correspondente para proceder á selección definitiva dos aspirantes.

### **Presentación dos documentos orixinais e/ou legalizados**

Os candidatos seleccionados deberán presentar os documentos orixinais e/ou legalizados no momento en que se incorporen á USC e formalicen a súa matrícula na etapa de investigación do doutoramento, de acordo co establecido na normativa sobre legalización de documentos ([http://www.usc.es/gl/perfis/futuros/est\\_extlegal.jsp](http://www.usc.es/gl/perfis/futuros/est_extlegal.jsp)), co fin de tramitar o recoñecemento da equivalencia dos estudos.

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS DOCUMENTOS DA FASE 1**

Desde o momento da publicación até o 30 de setembro de 2009.

En caso de non cubrirse as prazas vacantes coa primeira selección, abrirase unha segunda convocatoria antes de fin de 2009.

### **PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN**

A presentación de solicitudes realizarase única e exclusivamente por vía telemática. Os candidatos deberán descargar e cubrir o formulario oficial de solicitude (<http://www.usc.es/gl/servizos/ore/santander.html> e <http://www.usc.es/gl/servizos/ore>) en formato word, ao que acompañarán o resto da documentación requirida -formato word ou pdf- (preferiblemente, agrupando todos os documentos nun único arquivo comprimido en formato zip) que será enviado por correo electrónico á Oficina de Relacións Exteriores da USC ([ore@usc.es](mailto:ore@usc.es)), indicando como asunto: **Bolsas predoutorais para América Latina**. Unha vez recibida a documentación completa, enviarase un correo electrónico de confirmación.

### **ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

A Comisión de Selección publicará, nos 30 días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes no taboleiro de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo (e na páxina web da Oficina de Relacións Exteriores da USC, <http://www.usc.es/ore>), a relación de aspirantes admitidos e excluídos.

Para emendar os defectos da publicación anterior os/as aspirantes non admitidos e excluídos poderán xustificar o seu dereito a ser admitidos, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación, quedando excluídos definitivamente de non facelo.

## COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección dos/as candidatos/as será efectuada pola Comisión de Relacións Internacionais Delegada do Consello de Goberno da USC, dentro dos 30 días seguintes ao peche do prazo de presentación de solicitudes. A listaxe de seleccionados publicárase na páxina web da Oficina de Relacións Exteriores (<http://www.usc.es/ore>).

## SELECCIÓN

O Comité de Selección terá en conta os seguintes criterios:

- .- Valoración do *curriculum vitae* do solicitante.
- .- Producción científica do grupo de investigación da USC que recibe ao/á candidato/a. Para isto valoráranse os *items* aprobados para a valoración da axuda á investigación da USC do último ano con datos.
- .- Valorárase positivamente a codirección da tese entre dous PDIs, un/ha da USC e outro/a do país de orixe do candidato. Igualmente, valoráranse positivamente as iniciativas paralelas que deriven nunha consolidación da colaboración entre a USC e o centro de procedencia do candidato.
- .- Terase en conta a representación dos diferentes grupos de investigación, áreas de coñecemento, dos Campus da USC, así como o xénero dos beneficiarios.
- .- A Comisión podería valorar positivamente os candidatos que proceden de universidades coas que a USC ten convenio bilateral (<http://www.usc.es/é/servizos/ore/convenios/listaxe.html>).
- .- Posto que a USC conta con proxectos de mobilidade específicos do programa *Erasmus Mundus- External Cooperation Windows* con Arxentina, Bolivia, Brasil, Paraguai, Perú e Uruguai, só en casos de excepciónais contempláranse solicitudes procedentes destes países.

## NOTIFICACIÓNS DOS ACTOS DERIVADOS DA PRESENTE CONVOCATORIA

A resolución definitiva comunicárase no taboleiro de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo, así como na páxina web <http://www.usc.es/ore>.

Contra esta decisión os interesados/as poderán presentar alegacións no prazo de dez días, contados desde o día seguinte á data de publicación da mesma. Transcorrido este prazo, e analizadas, de ser o caso, as alegacións, a decisión elevarase á Vicerreitoría de Política Internacional, que resolverá definitivamente por delegación do reitor.

## OBRIGACIÓNS DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS

Ao finalizar cada unha das estadias, os/as beneficiarios/as das bolsas presentarán unha memoria de 4 páxinas como máximo sobre a actividade realizada, asinada polo doutorando e polo director da tese. Na memoria debe recollese a evolución do traballo e as publicacións ás que deu lugar.

Para a renovación anual da axuda teranse en conta os informes da evolución dos traballos de investigación.

Os directores da tese están obrigados a realizar funcións de seguimento e control das axudas.

No prazo dun mes dende a data de finalización da axuda, o beneficiario presentará unha memoria de 10 páxinas como máximo, que contemple a totalidade do traballo realizado e os seus resultados, facendo especial referencia aos resultados da tese de doutoramento e aos obxectivos logrados co programa de formación. A memoria virá acompañada dun informe do director da tese.

## ACREDITACIÓN

Finalizado o período da bolsa, os interesados teñen dereito a un documento acreditativo expedido pola USC conforme foron beneficiarios/as da bolsa de formación.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

## INFORMACIÓN

- Sobre a convocatoria:

No tfno. + 34 981 563 100 (Oficina de Relacións Exteriores ou na Oficina de Información Universitaria). Por correo electrónico: ore@usc.es; oiusec@usc.es. Fax: 34 981 578 017.

- Sobre o procedemento de legalización ou tradución de documentos:  
[http://www.usc.es/gl/perfis/futuros/est\\_extlegal.jsp](http://www.usc.es/gl/perfis/futuros/est_extlegal.jsp).



Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2009

Por delegación do reitor  
(R. R. do 12-05-09 / D.O.G. 26-05-09)  
O vicerreitor de Política Internacional

Agustín Merino García